



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO ACCION SOCIAL, CULTURAL E DEPORTES
SERVIZOS SOCIAIS

Expediente: 2025000021123
Expediente convocatoria: 2023000036586

RESOLUCIÓN POLA QUE SE NOMEA O XURADO DO IV PREMIO DE “BOAS PRÁCTICAS EN SERVIZOS SOCIAIS” DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA, ANO 2024

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

De conformidade coas Bases reguladoras do premio, publicadas no BOP número 218 do 12 de novembro de 2024, e logo de ver os informes da Sección de Servizos Sociais e do Servizo de Fiscalización,

RESOLVO:

1.- Aprobar a seguinte composición do xurado

- Presidenta:** María del Mar García Vidal, Deputada da Área de Política Social, Educación e Mocidade
- Secretaria:** Carolina Buhigas Jack, xefa da Sección de Servizos Sociais ou, no caso da súa ausencia, Manuela Muñiz Souto, xefa do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
- Vogais:** Lara Cabaleiro Rodríguez
Verónica Rita Navarrete Alarcón
María Irene Villar López
Víctor Manuel González Meizoso

2.- Fixar os honorarios, que se abonarán ás persoas do xurado despois da retención do IRPF correspondente, con cargo á partida 0611/23122/22699 do vixente orzamento 2025, documento contable A con número de operación 220250000655.

Número expediente	Nome e apelidos	NIF	Base liquidable
2025000021130	VICTOR MANUEL GONZALEZ MEIZOSO	***1696**	800,00 €

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.